


PASTEIROS E PASTOREO



Premio ION 2008

BASES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
CFEA de Monforte

Co título **Pasteiros e Pastoreo** e o asesoramento e colaboración do Centro de Formación e Experimentación Agro Forestal de Monforte de Lemos (Galiza - España), convócase este concurso cunha dotación de **6.500,00 Euros** e que se rexerá polas seguintes normas.

1. Poderán participar países de fala hispana e portuguesa e premiarase a creación ou mellora de pasteiros nos últimos catro anos e que dalgún xeito leven incorporado o cercado eléctrico, ben sexa como cerrado perimetral ou como pastoreo por franxas ou rotativo. Os traballos comunitarios, os realizados en zonas deprimidas e os destinados a silvopastoreo terán unha consideración especial.
2. A documentación poderase enviar en idioma español, galego ou portugués; preferiblemente por correo ordinario, tamén poderá facerse por Internet en formato Pdf ou Word coa inscrición *Pasteiros e Pastoreo*, ós enderezos que abaixo se indican. Os concurrentes poderán comprobar na páxina www.ionapel.com se foi recibida. O texto non superará os dous folios e poderase acompañar dun máximo de 5 fotografías de tamaño non superior a 21x15. Se o xurado o considera oportuno poderá solicitar unha documentación máis completa.
3. Farase unha sinxela exposición xeral onde se especifique a localización do predio, superficie, pertenza, estado anterior, traballos realizados, método e medios empregados, especialmente humanos; cabezas de gando que utilizan o pasteiro e todos aqueles datos que se consideren de interese. O nome dos materiais empregados debe ser xenérico sen facer referencia a marcas comerciais.
4. Ao traballo mellor considerado polo xurado outorgaráselle un premio de 3.000,00 Euros, 2.000,00 Euros ao 2º e 1.000,00 Euros ao 3º clasificado; ao 4º e ao 5º entregaráselles material para cercas eléctricas a elixir da marca ION por valor de 250,00 Euros.
5. O concurso fallarase a finais de ano e os traballos deberán recibirse antes do 30 de outubro. Ningunha documentación recibida será devolta e poderá usarse en publicacións indicando a súa procedencia. Aos gañadores comunicaráselles o fallo do xurado e acordarase a forma da entrega do premio, en caso de non poder asistir ao acto.
6. O feito de participar leva implícito o acatamento das bases. Se os traballos recibidos non acadasen o nivel mínimo estipulado, o xurado podería declarar o concurso baldío. Os traballos premiados non poderán participar noutras edicións.

Enderezos para o envío da documentación

Por correo normal (preferible):

ION (Pasteiros e Pastoreo) Apartado de correos, 1096 27080 Lugo - España

Por Internet: ion@ionapel.com **Asunto:** Concurso Pasteiros e Pastoreo.